

**Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X lexislatura do Parlamento de Galicia.**

Con data de 17 de setembro de 2016 rematou o prazo para a presentación de proposicións para esta contratación administrativa.

Con data de 4 de novembro de 2016 procedeuse á apertura do sobre B. Nesta licitación as empresas concorrentes son as seguintes:

SIVSA, SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.A.U.

Analizada a documentación do sobre B, referente a Documentación técnica e económica relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, procédese a elaboración deste informe no que se detallan, a modo de resumo os criterios avaliados e as melloras ofertadas.

O punto 15 do cadro de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración das proposicións:

**Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas: ata 100 puntos**

a.- Prezo: de **0 a 40 puntos**: adxudicaranse de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación } i = 40 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta máis baixa}}$$

$$\text{Puntuación SIVSA} = 40 \times \frac{117.130,42 - 90.199,26}{117.130,42 - 90.199,26}$$

Puntuación SIVSA = 40 puntos

**b.- Melloras en portátiles:**

1.- Stock para garantir os tempos de resposta ante incidencias dos portátiles (ata **7 puntos**):  
Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  **$Pi = (7 \cdot Oi) / MO$** .

**$Pi = (7 \cdot 6) / 6 = 7$  puntos**

2.- Peso dos ordenadores (ata **6 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  **$Pi = (6 \cdot MO) / Oi$** .

**$Pi = (6 \cdot 1,2) / 1,2 = 6$  puntos**

3.- Memoria dos ordenadores (ata **6 puntos**): Entenderase como mellor oferta 8Gb.  
Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  **$Pi = (6 \cdot Oi) / 8$** .

**$Pi = (6 \cdot 8) / 8 = 6$  puntos**

4.- Capacidade da unidade de disco duro dos ordenadores (ata **5 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  **$Pi = (5 \cdot Oi) / MO$** .

**$Pi = (5 \cdot 128) / 128 = 5$  puntos**

5.- Inclusión de módulo de 4G nos ordenadores (ata **5 puntos**). A oferta que inclúa o módulo de 4G, asignaráselle 5 puntos; se non se inclúe o módulo, 0 puntos.

A oferta de SIVSA non inclúe o módulo 4G integrado no portátil, polo que neste apartado recibe **0 puntos**.

6.- Porto USB 3.0 adicional nos ordenadores (ata **4 puntos**): A oferta que inclúa un porto USB 3.0 a maiores asignaráselle 4 puntos; se non se inclúe, 0 puntos.

A oferta de SIVSA inclúe un porto USB 3.0 a maiores, polo que recibe **4 puntos** neste apartado.

7.- Inclusión de seguro de accidentes para roturas, roubo. (ata **4 puntos**): Entenderase como mellor oferta 48 meses de seguro. Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:

**$Pi = (4 \cdot Oi) / 48$** .

A oferta de SIVSA non inclúe seguro a maiores, polo que recibe **0 puntos**.

8.- Incremento do rendemento da CPU: segundo o benchmarks 3DMark06 CPU (ata **3 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  **$Pi = (3 \cdot Oi) / MO$** .

**$Pi = (3 \cdot 3.241,5) / 3.241,5 = 3$  puntos**

9.- Incremento da duración da batería (ata **3 puntos**): segundo o Mobile MarkTM 2014.  
Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  **$Pi = (3 \cdot Oi) / MO$** .

$$P_i = (3 \cdot 1399) / 1399 = 3 \text{ puntos}$$

**c.- Melloras en impresoras:**

1.- Memoria da impresora (ata **3 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  $P_i = (3 \cdot O_i) / MO$ .

$$P_i = (3 \cdot 256) / 256 = 3 \text{ puntos}$$

2.- Tempo primeira páxina impresora (ata **3 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  $P_i = (3 \cdot MO) / O_i$ .

$$P_i = (3 \cdot 7,2) / 7,2 = 3 \text{ puntos}$$

3.- Capacidade do tóner (ata **3 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  $P_i = (3 \cdot O_i) / MO$ .

$$P_i = (3 \cdot 8.000) / 8.000 = 3 \text{ puntos}$$

4.- Resolución de impresión (ata **2 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  $P_i = (2 \cdot O_i) / MO$ .

$$P_i = (2 \cdot 1200 \cdot 1200) / (1200 \cdot 1200) = 2 \text{ puntos}$$

5.- Número máximo de copias soportadas por mes (ata **2 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  $P_i = (2 \cdot O_i) / MO$ .

$$P_i = (2 \cdot 50.000) / 50.000 = 2 \text{ puntos}$$

6.- Velocidade de impresión (ata **2 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  $P_i = (2 \cdot O_i) / MO$ .

$$P_i = (2 \cdot 40) / 40 = 2 \text{ puntos}$$

7.- Velocidade de escaneo da impresora (ata **2 puntos**): Atribuirase a puntuación de acordo coa seguinte fórmula:  $P_i = (2 \cdot O_i) / MO$ .

$$P_i = (2 \cdot 40) / 40 = 2 \text{ puntos}$$

Sendo:

**P<sub>i</sub>**: puntuación da oferta que se valora

**O<sub>i</sub>**: oferta que se valora

**MO**: mellor oferta

A puntuación obtida pola empresa licitadora SIVSA é a seguinte: **91 puntos**

**Prezo: 40 puntos**

**b.- Melloras en portátiles: 34 puntos**

- 1.- Stock de **6 equipos** polo que obtén **7 puntos**
- 2.- Peso dos ordenadores **1,2 Kg e 6 puntos**
- 3.- Memoria dos ordenadores **8 XB e 6 puntos**
- 4.- Capacidade da unidade de disco duro **128 XB e 5 puntos**
- 5.- Inclusión de módulo de 4G **non e 0 puntos.**
- 6.- Porto USB 3.0 adicional **4 puntos**
- 7.- Inclusión seguro de accidentes para roturas, roubo, non inclúe polo que recibe **0 puntos.**
- 8.- Incremento rendemento CPU segundo o benchmarks 3DMark06 CPU **3.241,5 e 3 puntos**
- 9.- Incremento da duración da batería **1399 e 3 puntos**

**c.- Melloras en impresoras: 17 puntos**

- 1.- Memoria da impresora **256 MB e 3 puntos**
- 2.- Tempo primeira páxina impresora **7,2s e 3 puntos**
- 3.- Capacidade do tóner **8.000 páxinas e 3 puntos**
- 4.- Resolución de impresión **1200\*1200 e 2 puntos**
- 5.- Número máximo de copias soportadas por mes **50.000 páxinas por mes e 2 puntos**
- 6.- Velocidade de impresión **40 ppm e 2 puntos**
- 7.- Velocidade de escaneo da impresora **40 ppm e 2 puntos**

Así mesmo, se comproba que a oferta do licitador cumpre con todos os requisitos técnicos esixidos no PPT, o que informamos para os efectos oportunos.

En vista do anteriormente exposto, a oferta economicamente mais vantaxosa é a presentada pola empresa SIVSA, polo que se informa favorablemente.

Santiago de Compostela, a 4 de novembro de 2016,

Asdo. Pedro Vila López